

BASES CONCURSO: ¿COMO VES TÍ AS NOSAS ÁRBORES SENLLEIRAS?

1.- INTRODUCCIÓN:

Con motivo da presentación do libro “Árbores Senlleiras do Concello de Tomiño”, a Concellería de Medio ambiente deste Concello convoca o **I Concurso de Composición ou Relato Curto sobre as árbores Senlleiras de Tomiño.**

2.- PARTICIPANTES:

Poderán participar todas as persoas físicas que o desexen sen límite de idade en correlación ás seguintes categorías:

- A. Categoría benxamín: ata 6 anos.
- B. Categoría infantil: de 7 a 11 anos (inclusive).
- C. Categoría xuvenil: de 12 a 17 anos (inclusive).
- D. Categoría adulto: a partir de 18 anos.

3.- OBRAS:

O tema das obras será sobre **AS ÁRBORES SENLLEIRAS DE TOMIÑO.** As obras deberán ser orixinais e inéditas e escritas en lingua galega.

- Nas categorías benxamín e infantil poderán presentar un debuxo ou ben un mural/composición realizado con materiais reciclados ou naturais. Na categoría de infantil, poden explicar nun pequeno texto a súa obra.
- Nas categorías xuvenil e adulto poderán presentar un relato curto de ata catro páxinas mecanografadas ou escritos a man (con letra lexible e a bolígrafo) ou ben unha composición artística de tamaño máximo A3 e unha altura non maior de 15 cm feita con materiais reciclados ou naturais.

4.- FORMA DE ENTREGA E PRESENTACIÓN:

Para garantir o anonimato do autor, as **obras** entregaranse físicamente no departamento de Medioambiente do Concello de Tomiño e irán identificadas cun PSEUDÓNIMO, indicando CONCURSO ARBORES SENLLEIRAS DE TOMIÑO e CATEGORÍA na que se presenta. Será dentro dun **sobre pechado**

(identificado co PSEUDÓNIMO) dónde deben indicar:

- Título da obra
- Pseudónimo
- Datos do autor: Nome, idade, enderezo e teléfono do autor ou representante legal.

5.- PRAZO:

O prazo de presentación abrirase o día da publicación destas bases na páxina web do concello, logo da súa aprobación en comisión de goberno, e pecharase o 14 de maio.

6.- XURADO:

O xurado estará composto por:

- Un representante do eido artístico
- Un representante do eido educativo
- Un representante do eido forestal-medio ambiental
- Un representante do Concello (persoal técnico)
- Un representante do Consello de Infancia e adolescencia

Os membros do xurado non poderán presentarse ó concurso.

As resolucións faranse públicas na páxina web do Concello e directamente aos premiados. A entrega de premios será o día 5 de Xuño, día Mundial de Medio Ambiente, e organizarase tendo en conta as normas sanitarias que estén en vigor nese momento, con respecto ó estado de pandemia.

7.- PREMIOS:

Haberá dous premios por categoría, que serán:

- Categoría benxamín:
 - Primeiro premio: Visita a Corazón do Carballo (tres entradas: neno/a+ dous acompañantes), lote de 3 árbores e o libro “ Arbores Senlleiras do Concello de Tomiño”
 - Segundo premio: lote de 3 árbores e o libro “ Arbores Senlleiras do Concello de Tomiño”
- Categoría infantil:

- Primeiro premio: Circuito arboreos-tiroliña no Ecoparque Marín (dous adultos + neno/a), lote de 3 árbores e o libro “ Arbores Senlleiras do Concello de Tomiño”
 - Segundo premio: lote de 3 árbores e o libro “ Arbores Senlleiras do Concello de Tomiño”
- Categoría xuvenil:
- Primeiro premio: Circuito arboreos-tiroliña no Ecoparque Marín (dous adultos + neno/a), lote de 3 árbores e o libro “ Arbores Senlleiras do Concello de Tomiño”
 - Segundo premio: lote de 3 árbores e o libro “ Arbores Senlleiras do Concello de Tomiño”
- Categoría adulto:
- Primeiro premio : Circuito termal de dúas horas de duración para dous adultos no Talaso Atlántico de Baiona, lote de 3 árbores e o libro “ Arbores Senlleiras do Concello de Tomiño”
 - Segundo premio: lote de 3 árbores e o libro “ Arbores Senlleiras do Concello de Tomiño”

8.- ACEPTACIÓN:

A participación neste concurso implica a aceptación das bases. O Concello poderá utilizar as obras gañadoras en diferentes campañas de promoción relacionadas co medioambiente.

Para calquera dúbida contactar co departamento de Medio ambiente do Concello, ben no correo electrónico tecnica.medioambiente@tomino.gal ou no teléfono 986622001.

Tomiño, data da firma dixital

A Concelleira de Medio Ambiente, Ana Belén Casaleiro González